



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Nomear peón de limpeza de praias para a Campaña de limpeza de praias 2020, subvencionados pola Deputación Provincial da Coruña

Núm. Admvo. Expte.: 2020/E001/000006

Expte. Decreto Núm.: 2020/G003/000435

A Deputación Provincial da Coruña concedeu a este concello unha subvención correspondente ao programa MA100: Convocatoria do programa de limpeza de praias marítimas dirixido a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2020 para a Campaña de Limpeza de praias 2020.

Mediante resolución de Alcaldía núm. 336/2020, de data 29/06/2020 aprobáronse as bases e a convocatoria de selección para a contratación de 9 peóns para a Limpeza de praias marítimas deste Concello, Programa de limpeza de praias da Deputación da Coruña 2020.

Por resolución de Alcaldía núm. 365/2020, de data 13/07/2020 aprobouse a lista de admitidos/as e excluídos/a á mencionada convocatoria e convocábase aos aspirantes para a realización da proba da fase de oposición para o día 15/07/2020.

Vista a acta de selección do tribunal reunido do día 15/07/2020 que avaliou os méritos que acreditaron as persoas aspirantes presentadas ao concurso-oposición para a provisión como persoal laboral temporal de NOVE peóns que realizarán tarefas de limpeza nas praias marítimas deste Concello de Laxe, na que propón designar Carlos Romar Álvarez, Elvira Alborés Pose, Antonio Joaquín Bello Lema, Vicente Bello Lema, Rosa Durán Alborés, M^a Isabel Serrapio Amil, M^a del Carmen Ferreira Pose, Carla Toja Álvarez e Angel Juan Lema Rodríguez como peóns para a limpeza de praias marítimas deste concello, dentro da convocatoria de limpeza de praias da Deputación da Coruña, anualidade 2020.

Na mesma acta e de acordo coas bases de selección, elabórase unha lista de reserva por orde de puntuación total obtida.

Unha vez comprobada a documentación presentada pola persoa aspirante M^a del Carmen Ferreira Pose establecida na base duodécima das bases de selección,

Esta Alcaldía, en virtude do disposto no art. 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da Lei de Bases de Réxime Local, esta alcaldía

RESOLVO:

Primeiro. Nomear a M^a del Carmen Ferreira Pose como peón, persoal laboral temporal na Limpeza de praias marítimas deste concello, durante dous meses dende o 23/07/2020 e ata o 22/09/2020, ámbolos dous incluídos, a xornada parcial de 35 horas semanais e baixo a modalidade de contrato de obra e servizo determinado.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Segundo. De acordo coa base 10.5 das bases de selección esta resolución publicarase no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web do concello (www.concellodelaxe.com) e substituirá ás notificacións individuais aos/as interesados/as, conforme ao disposto no art. 45 da Lei 39/2015.

Mándoo e asínoo, en Laxe, na data da sinatura á marxe, o Alcalde D. José Luís Pérez Añón, do que eu como secretaria dou fe.

O alcalde
Asdo. José Luís Pérez Añón
Carrasco García

A secretaria-interventora
Asdo. Begoña

FIRMADO POR José Luis Pérez Añón (FECHA: 22/07/2020 13:01:00)

Begoña Carrasco García

(FECHA: 22/07/2020 12:05:00)

Decreto Nº: 389/2020 - Fecha de decreto: 22/07/2020
Versión imprimible

CVD: MFYHL1Ir8/bCh+E9pBAF
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.